



## **CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES PROCESO DE COBERTURA TEMPORAL DA PRAZA DE SARXENTO-XEFE DO SPEIS 06.**

### **ANUNCIO:**

Por Decreto da Presidencia número 9/2021, do 22.01.2021, aprobáronse as bases e a convocatoria que rexerán o procedemento de cobertura temporal dunha praza de sarxento-xefe de parque (SPEIS 06) no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña.

O texto íntegro das bases aprobadas insírese a continuación:

### **BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE COBERTURA TEMPORAL DUNHA PRAZA DE SARXENTO-XEFE DE PARQUE NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE PERSOAL DA MESMA CATEGORÍA.**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO.**

Constitúe o obxecto destas bases regular as condicións das convocatorias para a provisión temporal, mediante concurso de méritos, do posto de sarxento-xefe de parque vacante no SPEIS 06 (Parque Comarcal de Arzúa), ao abeiro do disposto no Convenios Laborais vixentes, de aplicación.

En materia de méritos avaliáveis, as presentes bases serán as únicas de aplicación para determinar a prelación do concurso.

#### **SEGUNDA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Poderán participar no concurso de méritos todo o persoal que na actualidade preste servizos no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, na mesma categoría profesional (sarxento-xefe de parque).

A participación no concurso terá carácter voluntario.

#### **TERCEIRA. CONDICIÓNS DO POSTO E RETRIBUCIÓNS.**

As retribucións e condicións laborais serán as propias da categoría segundo a relación de postos de traballo en vigor.

#### **CUARTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.**

4.1.- Os/as concursantes presentarán a súa solicitude de participación con arranxo ao modelo oficial que se achega como Anexo, que estará ao dispor das persoas interesadas no Rexistro Xeral do Consorcio e na páxina web do mesmo: <https://cciacoruna.gal>, así como na sede electrónica.

4.2.- As solicitudes presentaranse no prazo de 10 días hábiles, que se iniciará ao día seguinte da publicación da convocatoria na páxina web e taboleiro de anuncios do Consorcio. Así mesmo publicarase nos taboleiros de anuncios dos respectivos parques.

4.3.- De conformidade co artigo 14.2.e) da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as instancias solicitando participar no proceso dirixiranse ao Presidente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña e presentaranse, debidamente cubertas, no Rexistro Electrónico Xeral do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña. (<https://sede.cciacoruna.com/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>).



4.4.- Os méritos alegados polos/as aspirantes achegaranse á solicitude. Non se valorarán aqueles méritos non relacionados na instancia. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse o “documento de autobarefacción” (Anexo II), sendo motivo de exclusión o feito de que os/as solicitantes non o presenten, debidamente cuberto, sen prexuízo de que esta non ten porque coincidir coa proposta que formule o tribunal cualificador.

#### **QUINTA. DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase a lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, na páxina web do mesmo, e nos taboleiros de anuncios dos Parques, dándose un prazo de tres días naturais para a presentación de emendas. De non existir estas ou unha vez emendadas, transcorrido o prazo expresado no apartado anterior, procederase á publicación da resolución de aprobación da lista definitiva nos mesmos lugares, así como a composición do tribunal cualificador. Na devandita Resolución da Presidencia sinalarase tamén o lugar, data e hora para a convocatoria do tribunal cualificador ao obxecto da súa constitución e para proceder a valoración dos méritos acreditados polos aspirantes.

A efectos de cómputo de prazos, considerarase data de publicación a do Taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial, debendo indicarse nas restantes publicacións esta data.

No suposto de non existir excluídos, publicarase directamente nos lugares anteriormente establecidos unha lista definitiva de aspirantes admitidos.

Unha vez rematado o prazo, o tribunal de cualificación reunirase para avaliar os méritos. Seguidamente fará pública a puntuación global dos/as aspirantes, por orde decrecente, no taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, e na páxina web do mesmo, outorgando tres días hábiles para que os concursantes poidan formular alegacións ou reclamacións. Transcorrido o devandito prazo e realizadas, no seu caso, as correccións oportunas, elevará a súa proposta á Presidencia do Consorcio para a súa aprobación.

#### **SEXTA. NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

5.1.- O tribunal encargado da cualificación do concurso de méritos será nomeado polo Presidente, conforme ao estipulado nos artigos 60 do EBEP, 59 da Lei 9/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación de aplicación, e a súa composición farase pública consonte co establecido na base anterior. Estará composto por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a (con voz pero sen voto), e catro (4) vogais.

5.2.- No nomeamento dos membros do Tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

- a) O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.
- b) O persoal de elección e de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do órgano de selección.
- c) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores tampouco poderán formar parte do órgano de selección.
- d) A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

5.3.- Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o presidente nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.



## **SÉTIMA. BAREMO DE MÉRITOS**

O concurso realizarase conforme ao seguinte baremo:

### **7.1. Formación. Ata un máximo de 10 puntos**

Pola participación en cursos e/ou seminarios de formación e perfeccionamento, impartidos por Organismos públicos e privados, Corporacións de Dereito Público e Organizacións Sindicais, coa correspondente homologación, sempre que versen sobre materias directamente relacionadas coas actividades a desenvolver na categoría a que se opta, acreditados mediante o correspondente Diploma, Certificado ou título expedido, con especificación de horas e temario, na forma seguinte:

- Cursos de hasta 10 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 11 a 30 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 31 a 60 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 61 a 100 horas: 0,40 puntos.
- Cursos de 101 a 200 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de 201 a 350 horas: 1,00 puntos.
- Cursos de 351 o más horas: 2 puntos.

Consideraranse avaliábeis os cursos concernentes a Prevención de Riscos Laborais específicos da profesión.

En caso de non xustificarse a duración do curso, valorarase coa puntuación mínima.

### **7.2. Antigüidade. Ata un máximo de 6 puntos.**

Valorarase 0,03 puntos por cada mes completo de servizos en activo no servizo, ata un máximo de 6 puntos, independentemente que estes servizos fosen prestados en administración pública ou en empresa concesionaria.

### **7.3. Proximidade do domicilio habitual do/a traballador/a o centro de traballo do novo posto ou vacante.**

O/a traballador/a cuxa residencia se atope máis preto do centro de traballo vacante outorgaráselle un máximo de 2 puntos. A puntuación as/os seguintes solicitantes será de forma proporcional mediante regra de tres simple.

### **7.4. Cargas familiares do/a solicitante.**

O/a traballador/a cuxas cargas familiares sexan maiores, tendo en conta familiares de 1º, 2º e 3º grao, outorgaráselle un máximo de 2 puntos. A puntuación as/os seguintes solicitantes será de forma proporcional mediante regra de tres simple.

## **OITAVA. VALORACIÓN DE MÉRITOS**

Unicamente se terán en conta os méritos alegados e obtidos, ou en condicións de obterse, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias para participar neste concurso. Os méritos serán valorados polo tribunal cualificador de conformidade coa base sexta. Os empates que se produzan na puntuación dos concursantes dirimiranse tendo en conta a puntuación nos seguintes apartados, pola orde que se indica:

1º Formación

2º Antigüidade.

3º Proximidade do domicilio habitual ao centro de traballo do novo posto ou vacante.

4º Cargas familiares do/a solicitante.

**NOVENA. ACEPTACIÓN E INCORPORACIÓN Á PRAZA.**

Unha vez elevada polo tribunal cualificador a proposta da listaxe, ordenada por orde decrecente, mediante Decreto da Presidencia aprobarase a lista definitiva, resolvendo o procedemento a favor da persoa que ocupe o primeiro lugar na mesma. Será necesaria a aceptación expresa da asignación de dita praza, con carácter temporal e ata que teña lugar a regularización das prazas do persoal de intervención, mediante o correspondente proceso de selección conforme ao acordo plenario de 13.09.2020. Así pois, en ningún caso a asignación desta praza suporá a adquisición da propiedade da mesma.

A aceptación da devandita praza suporá a perda de calquera preferencia sobre a praza que ata ese momento viñera ocupando.

A incorporación á nova praza deberá realizarse non mais tarde de dez días hábiles dende a aceptación, debendo asinarse esta no prazo máximo de cinco días naturais dende a notificación do Decreto da Presidencia que resolva o procedemento.

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DO PROCESO DE COBERTURA TEMPORAL DUNHA PRAZA DE SARXENTO-XEFE DE PARQUE NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE PERSOAL DA MESMA CATEGORÍA.****IDENTIFICACIÓN DA PERSOA INTERESADA**

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	
DNI:	Data de nacemento:	Idade:	Provincia de nacemento:
Domicilio actual (Calle y número):		Municipio (con Código Postal):	
Provincia:	Tlf. fixo: Tlf. móbil:	Correo electrónico:	
<p>O abaixo asinante, ten coñecemento das bases e da convocatoria que rexen o proceso de selección para:</p> <p>A COBERTURA TEMPORAL DUNHA PRAZA DE SARXENTO-XEFE DE PARQUE NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE PERSOAL DA MESMA CATEGORÍA. E declara baixo a súa responsabilidade:</p> <p>Primeiro. - Que coñece e acepta integramente as bases da convocatoria.</p> <p>Segundo. - Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos en ditas bases e convocatoria, referidos a data de expiración do prazo de presentación de instancias.</p> <p>Terceiro. - Que son certos os datos consignados nesta solicitude, asumindo as responsabilidades as que dea lugar, en caso de falsidade nesta ou na documentación presentada, sendo excluído automaticamente do proceso selectivo.</p> <p>Cuarto.- Que acepto, expresamente, as comunicacións telemáticas ao número de teléfono móbil consignado e as notificacións electrónicas fidedignas a conta de correo electrónico consignada.</p> <p>Quinto. - Que non fun inhabilitado/a, nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de</p>			



ningunha administración pública.

Sexto. - Que a documentación subministrada é copia fiel da orixinal, comprometéndome a aportar os orixinais da documentación, no seu caso, a requirimento do Consorcio Provincial.

**SOLICITA**

Que sexa admitida esta solicitude ao proceso de selección e que se teña por presentada a seguinte documentación:

Copia do documento acreditativo da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, etc.

Copia da documentación acreditativa dos méritos alegables pola persoa interesada, segundo o baremo que figura no Anexo II en relación coa base sétima.

Carballo, na data da sinatura electrónica.

(FIRMA DO/A INTERESADO/A)

*(Asinado electronicamente)*

SR. PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

**ANEXO II**

**DOCUMENTO DE AUTOBAREMACIÓN**

FORMACIÓN. Máximo 10 puntos

Pola participación en Cursos e Seminarios de formación e perfeccionamento, segundo o Apartado 7.1 da Base SÉTIMA, na forma seguinte:

- Cursos de hasta 10 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 11 a 30 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 31 a 60 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 61 a 100 horas: 0,40 puntos.
- Cursos de 101 a 200 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de 201 a 350 horas: 1,00 puntos.
- Cursos de 351 o más horas: 2,00 puntos.

Documento  
número  
(1)

Horas

Puntuació  
n  
(2)

	Documento número (1)	Horas	Puntuación (2)





outorgaráselle un máximo de 2 puntos. A puntuación as/os seguintes solicitantes será de forma proporcional mediante regra de tres simple.  Xustificarase aportando Certificado de Empadramento actualizado.	(1)	de traballo que se solicita (2)	
Total proximidade do domicilio habitual ao centro de traballo .....			
.....			

- 1.- Relacionarase os documentos aportados, indicando o seu nº de documento.
- 2.- Indicarase a distancia en mts. (será comprobada polo tribunal).

CARGAS FAMILIARES DO/A SOLICITANTE. Máximo 2 puntos			
O/a traballador/a cuxas cargas familiares sexan maiores, tendo en conta familiares de 1º, 2º e 3º grao, outorgaráselle un máximo de 2 puntos. A puntuación as/os seguintes solicitantes será de forma proporcional mediante regra de tres simple.  Xustificarase aportando Libro de Familia ou outros documentos oficias que acrediten ditas cargas.	Document o número (1)	Número de persoas ao cargo do solicitante	Puntuación
Total cargas familiares .....			
.....			

- 1.- Relacionarase os documentos aportados, indicando o seu nº de documento.

Carballo, na data da sinatura dixital.



**CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA**

CIF: V15859481 - RELGA:

CO 2002/01

Polígono Industrial Bertoa, Parcela G 2. 15105 - CARBALLO (A Coruña)

- Tel: 981. 758. 117 - Fax: 981. 700. 024

A secretaria interventora,

Asdo.: M<sup>a</sup> Graciela Riveiro Moreira.  
(*asinado electronicamente*)